

MEMORIA DA ALCALDÍA

ORZAMENTO 2026

Expte.: 2025/T004/000002

Julián Bustelo Abuín, na miña calidade de alcalde do Concello de Rianxo emito a memoria do Orzamento do exercicio 2026, de acordo co disposto nos artigos 168.1.a) do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo e o 18.1 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril

Orzamento de gastos: 12.144.746,94 €

Orzamento de ingresos: 12.144.746,94 €

1. CONTEXTO ECONÓMICO E CARACTERÍSTICAS XERAIS DO ORZAMENTO 2026

O Orzamento de 2026 é o segundo orzamento deste goberno que arrancou tras as eleccións de 2023. Desde 2024 desenvolvéronse proxectos, culmináronse procesos e outros están aínda en tramitación.

A regularización da prestación dos servizos públicos era un dos retos prioritarios a acometer:

- Xestión da EDAR de Rianxo.

Na memoria do Orzamento de 2024 indicaba que a recepción polo concello da EDAR de Rianxo e a non asunción da súa xestión pola concesionaria do servizo supuxo que se tivese que contratar con outra empresa, elevando o gasto orzamentario, tanto polos gastos da xestión, como pola subministración de enerxía eléctrica. Actualmente, este goberno está en conversas con Augas de Galicia para a xestión dun convenio que permita a transferencia da xestión destas instalacións, permitindo a regularización da súa situación e un aforro económico.

- Licitación do servizo de recollida do lixo.

A complexidade deste servizo fixo que aínda non culminase a elaboración dos pregos de prescricións técnicas. Así mesmo, estase valorando unha licitación conxunta con outros concellos da comarca.

- Licitación do subministro da enerxía eléctrica.

Foi un dos focos da actuación da Concellería de Obras. Se ben é certo que se fixeron xestións que deron lugar a un aforro na factura eléctrica, en 2026 está prevista a licitación deste subministro, o que suporá unha economía aínda maior.

- Licitación da piscina municipal.

Neste exercicio prevese iniciar a licitación do servizo, despois de que a empresa que elaborou o estudo económico e prescricións técnicas finalizase o seu traballo.

En relación ao persoal municipal:

- Culmináronse os procesos de estabilización do persoal temporal.
- Practicamente todos os postos de traballo pasaron a un réxime de xornada completa.
- Aprobáronse as ofertas de emprego público (OEP) de 2024 e 2025, incluíndo prazas demandadas e moi necesarias para mellorar o funcionamento dos servizos. Asemade, incluíuse a estabilización de persoal de museos, conserxe, auxiliares de policía e peóns de praias.
- No Orzamento de 2026 faise un esforzo inaudito coa finalidade de poñer en marcha a primeira RPT do Concello de Rianxo. Así, inclúese unha dotación de 300.000 € para executar a relación de postos de traballo (RPT) que se prevé someter á aprobación do Pleno proximamente. Se ben no orzamento 2021 fixébase a contía de 30.270 €, para o exercicio 2026 multiplícase esa cantidade case por 10, para que o conxunto de traballadores e traballadoras vexan a súa situación laboral mellorada á maior brevidade posible.

2. ESTADO DE GASTOS

O resumo por capítulos do estado de gastos e a súa comparativa cos relativo

2.1 CAPÍTULO 1, GASTOS DE PERSOAL: 3.731.339,14 €

O detalle destes gastos reflíctese no Anexo de persoal. As súas principais características son:

- Non figura ningunha praza de laboral temporal. No anexo diferéncianse os seguintes supostos:
 - Persoal funcionario.
 - Persoal laboral fixo.
- Inclúense as vacantes incluídas nas ofertas de emprego público (OEP) 2024 e 2025, con dúas excepcións:
 - 1 técnico de museo que non percibe subvención da Deputación Provincial. Solicitáronse dúas subvencións, pero unha delas financia o custo do coordinador de actividades, que desenvolve o seu traballo como técnico no Museo do Mar.
 - 1 praza de auxiliar de SAF incluída no proceso de estabilización, que se declarará deserta proximamente, e está vacante na actualidade.
- A dotación das vacantes non está realizada por 12 meses, xa que, a día de hoxe, a maioría dos procesos selectivos non están iniciados. Así mesmo, irán convocándose de forma escalonada, dado o esforzo administrativo que supón. Actualmente, está en tramitación o proceso selectivos de 3 administrativos funcionarios.

2.2 CAPÍTULO 2, GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS: 5.695.430,38 €

Os gastos deste capítulo cuantificáronse a partir da información que enviaron os departamentos, en relación aos servizos que xestionan. Posteriormente, tras unha revisión obrigada para equilibrar gastos e ingresos axustáronse. Destaca a redución dos créditos destinados á enerxía eléctrica ante a previsión dunha gran redución de custos.

Unha das cuestións máis relevantes deste exercicio consiste en aprobar as facturas que quedaron sen dotación orzamentaria a 31/12/2025. A súa cobertura nos créditos iniciais do orzamento é inviable, dado o seu importe, polo que atenderanse co remanente de tesourería para gastos xerais, que estará dispoñible tras a aprobación da liquidación do Orzamento de 2025.

2.3 CAPÍTULO 3, GASTOS FINANCEIROS: 52.750,00 €

O detalle está previsto no Anexo da débeda.

2.4 CAPÍTULO 4, TRANSFERENCIAS E SUBVENCÍONS CORRENTES: 365.865,41 €

O detalle está previsto no informe económico-financeiro. As novidades máis relevantes son a aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións (PES) do Concello de Rianxo 2024-26 e a posta en marcha da concesión das subvencións a entidades deportivas en réxime de concorrencia competitiva, fito histórico, tras anos de reivindicación.

2.5 CAPÍTULO 6, INVESTIMENTOS REAIS: 1.977.909,72 €

O detalle atópase no Anexo de Investimentos. Indícase que os investimentos que tiveron o seu reflexo orzamentario en exercicios anteriores e que dispoñen de financiamento afectado (subvención ou préstamo) só figuran neste anexo pola parte de achega municipal que teñan, de ser o caso. O motivo é que se traspasan ao orzamento mediante unha modificación orzamentaria (incorporación de remanentes de crédito) e non poden preverse nos créditos iniciais.

2.6 CAPÍTULO 8, ACTIVOS FINANCEIROS: 20.000 €

Mantense o importe de 2024 e 2025.

2.7 CAPÍTULO 9. PASIVOS FINANCEIROS: 301.452,29 €

O detalle figura no Anexo da débeda. Correspóndese tanto coa amortización ordinaria prevista no cadros de amortización dos préstamos co Banco de Sabadell. Inclúese tamén a amortización extraordinaria dos préstamos da Deputación, solicitada no POS+ ADICIONAL 3/2026, para a redución de débeda.

Así mesmo, inclúense outros gastos financeiros como xuros de demora e comisións bancarias.

A variación con respecto dos créditos iniciais de 2025 é a seguinte. Non obstante, hai que ter en conta que en 2025 foi un exercicio de prórroga orzamentaria, polo que o anexo de investimentos experimentou importantes axustes á baixa coa dita prórroga.

CAP	DESCRICIÓN	CI 2026	PESO RELATIVO (%)	CI 2025 (PRORROGADO)	PESO RELATIVO (%)	VARIACIÓN CI 2026-25	VARIACIÓN CI (%) 2026-25
1	GASTOS DE PERSOAL	3,731,339.14	30.72 %	3,174,923.35	37.38 %	556,415.79	17.53 %
2	GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	5,695,430.38	46.90 %	4,597,274.52	54.13 %	1,098,155.86	23.89 %
3	GASTOS FINANCEIROS	52,750.00	0.43 %	75,135.00	0.88 %	-22,385.00	-29.79 %
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	365,865.41	3.01 %	293,798.01	3.46 %	72,067.40	24.53 %
TOTAL	OPERACIÓNS CORRENTES	9,845,384.93	81.07 %	8,141,130.88	95.86 %	1,704,254.05	20.93 %
6	INVESTIMENTOS REAIS	1,977,909.72	16.29 %	114,221.18	1.34 %	1,863,688.54	1631.65 %
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0.00	0.00 %	0.00	0.00 %	0.00	
TOTAL	OPERACIÓNS DE CAPITAL NON FINANCEIRAS	1,977,909.72	16.29 %	114,221.18	1.34 %	1,863,688.54	1,631.65 %
	OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	11,823,294.65	97.35 %	8,255,352.06	97.20 %	3,567,942.59	43.22 %
8	ACTIVOS FINANCEIROS	20,000.00	0.16 %	20,000.00	0.24 %	0.00	0.00 %
9	PASIVOS FINANCEIROS	301,452.29	2.48 %	217,448.40	2.56 %	84,003.89	38.63 %
TOTAL	OPERACIÓNS FINANCEIRAS	321,452.29	2.65 %	237,448.40	2.80 %	84,003.89	35.38 %
TOTAL	INGRESOS	12,144,746.94	100.00 %	8,492,800.46	100.00 %	3,651,946.48	43.00 %

3. ESTADO DE INGRESOS

A continuación amósase o resumo por capítulos e as súa comparación co orzamento 2025 (prorrogado). Hai que ter en conta que, dado que no exercicio anterior estaba vixente a prórroga, as transferencias de capital foron obxecto de axuste á baixa, o que distorsiona a comparativa.

CAP	DESCRICIÓN	PI 2026	PESO RELATIVO (%)	PI 2025	PESO RELATIVO (%)	VARIACIÓN PI 2026-25	VARIACIÓN PI (%) 2026-25
1	IMPOSTOS DIRECTOS	2,995,174.05	24.66 %	2,927,826.12	34.24 %	67,347.93	2.30 %
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	517,082.27	4.26 %	180,146.51	2.11 %	336,935.76	187.03 %
3	TAXAS, PREZOS Pº E OUTROS INGRESOS	1,224,667.39	10.08 %	1,303,812.92	15.25 %	-79,145.53	-6.07 %

CAP	DESCRICIÓN	PI 2026	PESO RELATIVO (%)	PI 2025	PESO RELATIVO (%)	VARIACIÓN PI 2026-25	VARIACIÓN PI (%) 2026-25
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	5,595,847.37	46.08 %	4,120,344.02	48.18 %	1,475,503.35	35.81 %
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	4,760.00	0.04 %	0.00	0.00 %	4,760.00	
TOTAL	OPERACIÓNS CORRENTES	10,337,531.08	85.12 %	8,532,129.57	99.77 %	1,805,401.51	21.16 %
6	ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS	0.00	0.00 %	0.00	0.00 %	0.00	
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	1,378,020.02	11.35 %	0.00	0.00 %	1,378,020.02	
TOTAL	OPERACIÓNS DE CAPITAL NON FINANCEIRAS	1,378,020.02	11.35 %	0.00	0.00 %	1,378,020.02	
	OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	11,715,551.10	96.47 %	8,532,129.57	99.77 %	3,183,421.53	37.31 %
8	ACTIVOS FINANCEIROS	20,000.00	0.16 %	20,000.00	0.23 %	0.00	0.00 %
9	PASIVOS FINANCEIROS	409,195.84	3.37 %	0.00	0.00 %	409,195.84	
TOTAL	OPERACIÓNS FINANCEIRAS	429,195.84	3.53 %	20,000.00	0.23 %	409,195.84	2045.98 %
TOTAL	INGRESOS	12,144,746.94	100.00 %	8,552,129.57	100.00 %	3,592,617.37	42.01 %

A explicación do estado de ingresos realizarase no informe económico-financeiro.

4. Consideracións finais

O proxecto de orzamentos que se presenta garante un compromiso co mantemento das infraestruturas municipais e co desenvolvemento de servizos claves para o Concello de Rianxo, así como co mantemento de outros xa existentes. Supón dar un primeiro paso fundamental na senda do equilibrio orzamentario após dous exercicios sen que se actualizaran as contas municipais e nos que o gasto corrente aumentou notablemente.

O equilibrio e a sustentabilidade das conta acádanse a pesar dun maior esforzo económico no ámbito dos servizos sociais, da promoción económica e da mellora das infraestruturas de titularidade municipal, nomeadamente nos núcleos periféricos do municipio. Ademais, inclúese unha importante dotación orzamentaria para facer realidade a RPT do persoal municipal, un fito histórico neste concello.

Ese equilibrio e esa sustentabilidade acádanse tamén con axustes importantes no gasto e con políticas de aforro en aspectos tan gravosos para as contas municipais como é o relativo á enerxía eléctrica. Porén, este recurso ten que reforzarse no futuro inmediato cun incremento dos ingresos ordinarios.

Lograrase así unha solvencia suficiente para darlle resposta no futuro a outras demandas laborais pendentes, así como á regularización da situación contractual dos servizos municipais externalizados, retos fundamentais para esta Alcaldía.

Rianxo, martes 17 de marzo de 2026.

O alcalde, Julián Bustelo Abuín